

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 419/2021, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DUN/DUNHA PROFESOR/A DE PERCUSIÓN PARA A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIRA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, E A RELACIÓN DE CANDIDATOS ENVIADOS POLO SPEG.

Por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 13 de setembro de 2021, prestouse aprobación ás bases para a contratación en réxime laboral dun/dunha profesor/a de percusión para a Escola de Música Municipal do Concello de Meira.

Presentada oferta ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), con data 13 de setembro de 2021 foi remitida a este concello a relación dos candidatos seleccionados.

De acordo co punto 6. das bases.-admisión dos aspirantes e tribunal cualificador, e de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola lei 11/1999, de 21 de abril, polo presente

RESOLVO:

Primeiro.- Que o tribunal cualificador está composto polos seguintes membros:

-Presidenta.- María Luisa Dapereira Portela, profesora e directora da Escola de Música Municipal de Meira.

-Vogais.- Bruno Villamor Gay, profesor da Escola de Música Municipal de Meira.

- Francisco Javier García Canto, director da banda e profesor da Escola de Música Municipal de Meira.

-María del Carmen Saborido Roca, profesora da Escola de Música Municipal de Meira.

Secretaria.- Pilar Rozas Alonso, secretaria accidental do Concello de Meira.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes) en todo caso será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.

Segundo.- Que a listaxe definitiva de persoas admitidas é a seguinte:

-PABLO CARBALLEIRA LAMAS

Terceiro.- O tribunal cualificador reunirase o **día 16 de setembro de 2021 ás 10:30 horas** na casa do Concello de Meira para valorar os méritos alegado polo único aspirante.

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Cuarto.- Rematada a cualificación do aspirante o tribunal cualificador propondrá á alcaldía unha lista da especialidade de percusión, que se exporá ao público no taboleiros de anuncios do concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións os interesados no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa exposición.

Terceiro.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal (www.concellodemeira.com)

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria accidental que dou fe.

Meira, 15 de setembro de 2021

A secretaria accidental

O alcalde

Pilar Rozas Alonso

Antonio de Dios Álvarez